



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Economía e Empresa

---

Traballo de fin de grao

# O influxo do nivel de renda nas viaxes turísticas

Comparativa entre dous barrios da cidade da Coruña

Patricia Meléndez Luces

Titor/a: Pilar Uriz Tomé

Grao en Ciencias Empresariais

Curso académico 2022/2023

---

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Economía e Empresa da  
Universidade da Coruña para a obtención do Grao en Ciencias Empresariais

# Resumo

Ao longo do presente traballo realizase unha análise comparativa entre as características das viaxes turísticas realizadas en dous barrios antagónicos, economicamente falando, da Coruña: Cidade Vella - O Parrote (CP 15001) e O Ventorrillo - A Agra do Orzán (CP 15010), co obxectivo principal de determinar como inflúe o nivel de renda nas viaxes turísticas.

De xeito previo estúdanse os barrios en cuestión: a súa demografía, historia, características socioculturais, etc. é dicir, datos que poderían afectar nas decisións acerca das viaxes. Os datos a comparar foron obtidos a través dunha enquisa en liña de elaboración propia e contestada por persoas veciñas de ambos os dous barrios.

As principais variables a analizar son as seguintes: número de viaxes realizadas con anterioridade e posterioridade á pandemia da covid-19, razóns polas que non se fixo ningunha no caso de que así fose, frecuencia, destino escollido, motivacións, período do ano, forma de organización, tipo de aloxamento e transporte escollidos e gasto turístico desagregado en cada unha das partidas que o conforman.

Por medio dunha análise descritiva na que se comparan as porcentaxes e gráficos resultantes obtense información de gran relevancia. Pese a isto, é preciso complementar a análise anterior por medio dunha técnica estatística máis elaborada e concreta que permitira analizar a relación entre dúas variables como é o caso das táboas de continxencia e a proba khi-cadrado.

Os resultados de ditas probas amosaron que o nivel de renda das persoas ten impacto nas decisións de viaxe: as persoas con maior capacidade económica teñen maior propensión a viaxar e a facelo de maneira máis frecuente, por maior tempo, a destinos máis afastados e aloxándose en establecementos de maior categoría. Esta información é relevante para adaptar a oferta turística a cada perfil económico concreto.

*Palabras clave:* turismo de clases, nivel de renda, viaxes turísticas e efectos da covid-19 no turismo.

*Número de palabras:* 14.030

# Abstract

Throughout the present work, a comparative analysis has been done between the characteristics of the touristic trips made by two economically antagonistic neighbourhoods in A Coruña: Old Town - O Parrote (CP 15001) and O Ventorrillo - A Agra do Orzán (CP 15010), with the main objective of determining how the wealth level influences the touristic trips.

First, the neighbourhoods previously mentioned were studied: their population, history, socio-cultural characteristics, etc. in other words, data that might have an impact on travel choices. The data for comparison was obtained through an original online survey answered by residents of both neighbourhoods.

The main variables to be analysed are number of trips made before and after the covid-19 pandemic, reasons that explain why in some cases were not made, frequency, chosen destination, motivations, period of the year, method of organisation, type of accommodation and transport chosen, and tourist expenses detailed in each of the items that compose it.

A descriptive analysis that compares the resulting percentages and figures provides highly relevant information. Despite this, it is necessary to complement the previous analysis with a more elaborated and concrete statistical technique that allow the analysis of the relationship between two variables like the continence rates and the khi-squared test do.

The results of those tests showed that people's wealth level has an impact on their travel decisions: people with a higher economic capability have a higher tendency to travel and to do so more frequently, for a longer period, to more remote destinations and to stay in higher category accomodation. This information is relevant to suit the tourist offer to every specific economic profile.

*Keywords:* class tourism, income levels, tourist trips and the effects of covid-19 in tourism.

# Índice

<b>1. Introducción</b>	<b>8</b>
<b>2. Marco teórico</b>	<b>10</b>
2.1. Concepto de turismo, viaxe turística e turista	10
2.2. Turismo nacional	11
2.3. Gasto turístico	11
2.4. Factores que inflúen no comportamento dos turistas	12
2.4.1. Factores externos: estratificación social	12
2.4.2. Factores internos: motivación e capacidade económica	13
<b>3. Metodoloxía</b>	<b>14</b>
<b>4. Resultados</b>	<b>16</b>
4.1. Comparativa dos barrios obxecto de estudo	16
4.1.1. Código postal 15001	16
4.1.2. Código postal 15010	17
4.1.3. Diferenzas co resto da cidade	18
4.2. Análise da enquisa	20
4.2.1. Mostra obtida	20
4.2.2. Antes da viaxe	21
4.2.3. Propensión a viaxar	24
4.2.4. A viaxe: transporte e aloxamento	27
4.2.5. Gasto desagregado	29
4.3. Relación entre variables	33
4.3.1. Estudo da relación existente entre barrio de pertenza (código postal) e o nivel de renda	34

4.3.2. Estudo da relación entre nivel de renda e número de viaxes realizadas	35
4.3.3. Estudo da relación entre a situación laboral e o número de viaxes realizadas .....	43
<b>5. Conclusións .....</b>	<b>46</b>
<b>Bibliografía.....</b>	<b>50</b>

# Índice de figuras

Figura 1: Mapa delimitación do CP 15001 .....	16
Figura 2: Mapa delimitación do CP 15010 .....	17
Figura 3: Persoas enquisadas segundo os seus ingresos mensuais e por barrios .....	21
Figura 4: Motivacións para viaxar en función dos barrios .....	22
Figura 5: Formas de organizar as viaxes en función dos barrios .....	24
Figura 6: Freos para viaxar en función dos barrios antes e despois da pandemia covid-19.....	25
Figura 7: Comparativa da frecuencia coa que realizan viaxes en función dos barrios .....	26
Figura 8: Medio de transporte escollido en función dos barrios .....	27
Figura 9: Tipo de aloxamento en función dos barrios .....	28
Figura 10: Orzamento para desprazamento en función dos barrios.....	30
Figura 11: Orzamento para aloxamento en función dos barrios.....	30
Figura 12: Orzamento destinado a restauración en función dos barrios .....	31
Figura 13: Orzamento destinado a ocio en función dos barrios .....	32
Figura 14: Gasto en souvenirs en función dos barrios .....	32

# Índice de táboas

Táboa 1: Comparativa da Estatística do IRPF entre 15001 e 15010.....	19
Táboa 2: Táboa de continxencia - Código postal * Nivel de renda codificado.....	34
Táboa 3: Proba de khi cadrado - Código Postal * Nivel de renda codificada.....	35
Táboa 4: Medidas simétricas - Código Postal * Nivel de renda codificada.....	35
Táboa 5: Táboa de continxencia – Nivel de renda cód. * Viaxes 2017-2019 cod.	36
Táboa 6: Probas de khi cadrado – Nivel de renda cod * Viaxes 2017-2019 cod..	37
Táboa 7: Medidas direccionais e simétricas – Nivel de renda cod * Viaxes 2017-2019 cod.....	38
Táboa 8: Táboa de continxencia – Nivel de renda codificado * N <sup>o</sup> de viaxes 2022 codificada .....	39
Táboa 9: Probas de khi cadrado - Nivel de renda codificado * N <sup>o</sup> de viaxes 2022 codificada .....	40
Táboa 10: Medidas direccionais e simétricas - Nivel de renda cod * N <sup>o</sup> de viaxes 2022 cod.....	41
Táboa 11: N <sup>o</sup> medio de viaxes segundo o nivel de renda .....	42
Táboa 12: Táboa de continxencia - Situación profesional codificada * N <sup>o</sup> de viaxes 2022 codificada.....	43
Táboa 13: Probas de khi cadrado - Situación profesional codificada * N <sup>o</sup> de viaxes 2022 codificada.....	45

# 1. Introducción

O turismo como actividade económica propicia o desenvolvemento dos países receptores e as súas rexións, de tal xeito que asemade aumenta a calidade de vida dos seus habitantes. Non obstante, para practicar turismo é preciso ter unha boa calidade de vida.

Considérase que a calidade de vida é “unha medida composta de benestar físico, mental e social, tal como a percibe cada individuo e cada grupo, e de felicidade, satisfacción e recompensa” (Levi, 1980).

O índice de desenvolvemento humano (IDH) serve para avaliar a través de distintos indicadores se a poboación dun país posúe calidade de vida respecto ás seguintes dimensións: vida longa e saudábel, formación e nivel de vida digno («Human Development Index», s. d.).

Os países que acadan as mellores posicións nesta clasificación son, tal e como recolle Wallingre (2012), aqueles que dispoñen de maiores períodos vacacionais e, polo tanto, onde se concentran a maioría de movementos turísticos.

A poboación residente en España realizou 142,9 millóns de viaxes no ano 2021 segundo as estatísticas do INE (*España en Cifras*, 2022), o que correspondería a 3 viaxes por persoa aproximadamente, polo que podería considerarse que en xeral se goza dunha boa calidade de vida turística, mais é así para todas as clases sociais?

Por outra banda, Maslow (1991) na súa pirámide recolle as necesidades que moven aos individuos, sen que se poida acadar o último nivel dela sen ter as anteriores necesidades satisfeitas. O turismo atópase no cumio, no nivel da autorrealización, o que implica a necesidade dunha boa calidade de vida previa e ao mesmo tempo trátase dun medio para cubrir as necesidades psicolóxicas ou de crecemento persoal.

Tal é así que o “dereito ao turismo” está recoñecido polas Nacións Unidas (*Código Ético Mundial para el Turismo*, 2020) por igual para todos os habitantes do planeta. Establece, tamén, que as autoridades públicas deben tratar de diminuír as desigualdades co desenvolvemento do turismo social e facilitar o turismo a “familias, xuventude, persoas de avanzada idade ou con algún tipo de discapacidade”.



No caso español o Goberno trata de reducir estas diferenzas por medio de medidas como o programa de viaxes do IMSERSO, coordinado polo Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, que ten como obxectivo consolidar o Estado de benestar fomentando a igualdade entre a cidadanía.

Pese a isto, na actualidade as prácticas turísticas continúan a reflectir as desigualdades entre distintos estratos ou clases sociais, aínda que non dun xeito tan notorio coma ocorría no século XVII co “Grand Tour”, onde unicamente a aristocracia tiña este privilexio (Wallingre, 2012).

Esta desigualdade pode apreciarse especialmente en etapas de recesión. Os fogares con rendas máis baixas diminúen máis a súa probabilidade de viaxar ante unha crise que os de rendas máis altas debido a que “o seu menor hábito viaxeiro os fai máis propensos a deixaren de consumilo”, tal e como recolle (Boto-García, 2020) na súa análise sobre a formación dos hábitos turísticos dos residentes en España.

As clases sociais son grupos que se identifican por coincidir en profesión, educación, hábitat, nivel de renda e costumes de ocio/diversión comúns (De Borja *et al.*, 2002, p. 58), de modo que os dous últimos factores son os máis importantes para o obxecto de estudo, a relación existente entre o nivel de renda e as viaxes.

O presente traballo ten como obxectivo principal **determinar como inflúe o nivel de renda nas viaxes turísticas**. Por medio dunha enquisa indágase acerca das características das viaxes practicadas por dous grupos heteroxéneos, no que á súa clase social se refire e se expoñen as diferenzas entre estes.

Todo isto lévase a cabo seguindo a estrutura: primeiro, a través do marco teórico explícanse conceptos relevantes e necesarios para comprender o desenvolvemento deste traballo; despois na metodoloxía recóllense os métodos empregados na investigación previa. A parte máis extensa do traballo será a correspondente aos resultados, onde se explicarán e analizarán os datos obtidos por medio dunha enquisa; seguidamente, aparecerán as conclusións ás que se chega tras estudar este caso. Finalmente, a bibliografía recolle os artigos, libros ou outras fontes consultadas para a elaboración deste traballo. Ademais, inclúense nos anexos información complementaria á desenvolvida no texto, obtida grazas á realización do cuestionario.

## 2. Marco teórico

Para poder comprender este traballo de investigación baseado na comparativa das características das viaxes realizadas por diferentes tipos de viaxeiros segundo o barrio do que proveñan, é necesario coñecer certos conceptos relacionados co turismo e as viaxes, que serán citados posteriormente ao longo do seu desenvolvemento:

### 2.1. Concepto de turismo, viaxe turística e turista

A Organización Mundial do Turismo (en diante denominada OMT ou UNWTO) define o **turismo** como: “un fenómeno social, cultural e económico que supón o desprazamento de persoas a países ou lugares fora do seu contorno habitual por motivos persoais, profesionais ou de negocios” (UNWTO, s. d.).

Os devanditos desprazamentos conforman as viaxes, xa que o termo designa este fenómeno dende o momento da saída do viaxeiro ou viaxeira ata o momento do seu retorno, é dicir, para que exista viaxe debe haber ida e volta. Unha viaxe pode estar composta por visitas a diferentes lugares, mais existen certas restricións para poder considerala **viaxe turística**: a duración debe ser superior ás 24 horas (o que implica como mínimo unha pernoita) e inferior a un ano; ao mesmo tempo, a finalidade principal da viaxe non pode ser converterse en empregado dunha firma residente no lugar visitado (UNWTO, 2008).

As persoas que realizan as ditas viaxes ou desprazamentos serán os viaxeiros ou visitantes, termos dos cales se desprenden dous novos: excursionista e turista. O primeiro deles fai referencia a visitantes de día, cunha duración menor ás 24 horas e, por tanto, sen pernoita (Espinosa, 2016); mentres que **turista**, o segundo, é máis relevante para o caso de estudo, refírese a aquelas persoas que realizan viaxes turísticas cumprindo as características explicadas no parágrafo anterior. As persoas refuxiadas, migrantes ou diplomáticas non poden agruparse en ningunha destas categorías (Otra Piel, 2022).

## 2.2. Turismo nacional

Existen distintas clasificacións de tipos de turismo segundo os criterios empregados, unha delas é a que diferencia segundo a coincidencia ou non do país de residencia dos turistas e o país de destino das viaxes turísticas que estes realicen.

No caso do realizado por aqueles que viaxan con orixe en España e tendo como destino principal tanto o propio país coma calquera outra parte de Europa ou do mundo, denomínaselle turismo nacional de España. É dicir, o **turismo nacional** é aquel tipo de turismo que abarca as actividades turísticas realizadas nas súas viaxes por turistas residentes do propio país dentro deste e ao mesmo tempo as realizadas fóra del (UNWTO, 2008). É este tipo de turismo o que nos interesa para efectos deste traballo.

Esta forma de turismo basease na combinación doutros dous tipos de turismo diferentes: O primeiro deles é o **turismo emisor** (tamén coñecido coma “outbound”) que segundo Vogeler é “o realizado polos residentes dun país cando saen fóra del”, mentres que o **turismo interno** (ou “domestic” en inglés) defíneo como “o realizado polos residentes dun país cando viaxan dentro del” (Vogeler, 2018, pp. 162-166).

## 2.3. Gasto turístico

Unha variable fundamental para ter en conta no momento de analizar unha viaxe é o gasto realizado polos turistas, xa que pode ser medida de xeito cuantitativo e empregando unidades monetarias. No caso deste estudo é especialmente importante, debido a que servirá para analizar a influencia do nivel de renda.

Dentro do dito gasto inclúense servizos como o transporte, o aloxamento, os alimentos e as bebidas, a entrada a museos ou espectáculos... Moitos destes servizos acostuman reservarse e financiarse con anterioridade á viaxe, pero aínda así forman parte do gasto turístico e, concretamente, supoñen adoito a maior parte do desembolso efectuado polos viaxeiros (UNWTO, 2008).

Ademais dos servizos, inclúense os bens de consumo, que poden ser obxectos adquiridos durante as viaxes, como son as obras de artesanía ou os *souvenirs*, pero tamén de xeito previo, como pode ser o combustible necesario para poder desprazarse ou un equipamento adecuado para as actividades que se vaian realizar, con independencia do seu valor unitario e vida útil estimada (UNWTO, 2008).

A modo de resumo, a Sociedade Mercantil Estatal para a Xestión da Innovación e as Tecnoloxías Turísticas (en adiante SEGGITUR) define o **gasto turístico** como a

suma pagada por adquirir servizos, bens de consumo e obxectos valiosos, tanto antes coma durante as viaxes, podendo ser para uso propio ou para regalar. Inclúense os gastos incorridos polos propios turistas e tamén os que finalmente serán reembolsados por terceiros. No caso dos obxectos, non se incluírán aqueles cuxo obxectivo fundamental sexa a súa posterior venda (SEGITTUR, s. f.).

## 2.4. Factores que inflúen no comportamento dos turistas

As viaxes turísticas vense influenciadas por diferentes factores, os cales poden dividirse en factores externos e internos, coa prevalencia destes últimos. Segundo Crespo *et al.* (2019) dentro dos factores externos que determinan o comportamento dos turistas atópanse: a cultura, a familia e a pertenza a determinado estrato social. Paralelamente, dentro dos factores internos atópanse: actitudes, motivacións, percepcións, estilo de vida, experiencia, factores económicos e demográficos...

A continuación, explícanse con maior énfase aqueles máis importantes para este traballo:

### 2.4.1. Factores externos: estratificación social

En función do nivel económico e da clase social á que pertencen Vogeler (2018, p. 179) distingue na súa publicación *Introducción al turismo: análisis y estructura* tres tipos de turistas: de luxo (correspondente ás clases máis altas), masivo (clases medias) e social ou subvencionado.

O primeiro grupo considera o turismo un ben de primeira necesidade e a súa demanda de viaxes compórtase de xeito inelástico con respecto a variacións nos prezos ou na súa renda. Caracterízanse por escoller servizos caros, destinos exóticos e pouco masificados, evitando os paquetes turísticos, para conseguir maior distinción e non están suxeitos a un calendario laboral estrito.

Os turistas de clase media corresponden ao maior grupo de poboación e son altamente sensibles ante cambios na renda e nos prezos. En contraposición ao anterior grupo, utiliza servizos estándar, escolle destinos coñecidos e masificados, viaxa en grupo e é altamente estacional.

Por último, o turismo social realízao a poboación con menos recursos e está moitas veces subvencionado –como ocorre no caso do IMSERSO– e, tal e como ocorre no primeiro caso, as variacións de renda e prezos non provocan apenas cambios na

demanda. Caracterízanse por viaxar en grupo a destinos coñecidos, en tempada baixa para aproveitar as mellores ofertas e posúen un gasto por persoa moi baixo.

#### 2.4.2. Factores internos: motivación e capacidade económica

O principal factor interno para Serra (2016) é a motivación, debido a que é a razón pola que o turista decide destinar parte da súa renda a realizar unha viaxe en lugar de ao aforro, e ao mesmo tempo serve para explicar por que elixe un destino en lugar doutro. Vogeler (2004) é máis drástico, posto que define a motivación turística como “o motivo sen o cal a viaxe non se tería realizado”.

Esta definición fai referencia esencialmente aos coñecidos como “push factor”, aqueles que se refiren ao impulso interno de deixar a túa residencia habitual (Dann, 1981), tal e como son a busca de relaxación e descanso. Por contraposición existen os “pull factor”, que son as razóns polas que se escolle un destino fronte a outro.

En cambio, para Rivera (2013) son os factores económicos os de maior influencia, xa que tanto a situación económica mundial coma a capacidade de compra dos individuos marcarán as decisións de consumo. Incluso as expectativas de nivel de ingresos futuros provocan que se actúe dunha forma ou doutra.

Tal e como recolle Morettini, (2002) segundo a teoría keynesiana os individuos estarán dispostos a aumentar o seu gasto segundo creza o seu ingreso, aínda que non na mesma medida, e do mesmo xeito diminuirán o seu gasto se decrecen as rendas percibidas.

Podería esperarse, polo tanto, que do mesmo xeito que o poder adquisitivo depende directamente do nivel de renda e do nivel de prezos do mercado, o gasto turístico que realice cada viaxeiro dependa dos mesmos factores. Mais, como conclúe De Borja (1980), o feito de que o turismo estea considerado unha necesidade e non un luxo provoca que ante situacións de crise decidan “reducir o consumo doutros produtos fundamentais coma automóbiles, electrodomésticos ou roupa, antes que renunciar ás súas viaxes vacacionais”.

No desenvolvemento deste traballo e tras analizar os datos obtidos na enquisa poderemos comprobar as teorías anteriores.

### 3. Metodoloxía

Para a realización deste traballo de fin de grao foron empregadas tanto a metodoloxía cualitativa coma a cuantitativa, mais destaca a segunda delas por utilizarse en maior medida.

Segundo a OMT na súa guía *Apuntes de Metodología de la Investigación en Turismo* (2001) a de tipo cualitativo é “aquela estratexia usada para responder preguntas sobre grupos, comunidades e interaccións humanas cunha finalidade descritiva dos fenómenos de interese (ou predictiva dos comportamentos humanos e a súa relación co turismo)”. As accións levadas a cabo que corresponden ao dito método son a recompilación e revisión de datos a través de análise bibliográfica previa: artigos de prensa, revistas e libros especializados, informes oficiais...

Do mesmo modo, chamamos *metodoloxía cuantitativa* a aquela encargada de recoller e analizar datos cuantitativos ou numéricos para contrastar preguntas e probar hipóteses previamente establecidas, para isto empregase frecuentemente a estatística co fin de establecer padróns de comportamento dunha poboación (Angulo , 2012).

Neste caso estase aplicando a metodoloxía cuantitativa debido a que se realiza unha análise estatística cuxa fonte primaria é unha enquisa de elaboración propia que servirá para determinar como inflúe o nivel de renda nas viaxes turísticas en función das características das viaxes practicadas polas persoas enquisadas.

Esta enquisa basease, aínda que dun xeito abreviado, no modelo oficial de SEGITTUR, que xunto co Instituto Nacional de Estatística, elabora a Enquisa de Turismo de Residentes ou ETR co obxectivo de recompilar e analizar datos do gasto turístico nacional de xeito trimestral. Realízase dende 1995 baixo o nome de “Familitur” e recibe a actual nomenclatura dende 2015, momento no que deixou de depender de Turespaña. Ao tomar como modelo a ETR, a enquisa segue ademais as *Recomendaciones internacionales para estadísticas de turismo* elaboradas en 2008 pola OMT.

No momento de elaboración deste traballo a última información dispoñible da ETR corresponde ao primeiro trimestre do ano 2023 e entre os seus resultados resaltan os seguintes: número de viaxes, estancia media, gasto total, gasto medio por persoa, gasto medio diario por persoa e as variacións interanuais correspondentes.

A estrutura do cuestionario confórmase por dúas partes diferenciadas: Na sección inicial obtéñense datos persoais co obxectivo de coñecer o perfil das persoas enquisadas e, posteriormente, tratar de establecer relacións entre as súas características e as opcións escollidas en cada caso. A seguinte sección serve para coñecer as prácticas levadas a cabo en relación coas viaxes, con especial insistencia no gasto realizado.

Trátase dun cuestionario de resposta pechada, o que quere dicir que as persoas enquisadas deben escoller entre un conxunto de respostas proporcionadas de xeito previo. Este tipo de preguntas facilita a comprensión daquilo que se está a preguntar e fai que, polo tanto, se responda máis rapidamente ao evitar posibles dúbidas. Ademais, mediante o emprego de rangos entre dúas cifras (por exemplo no momento de preguntar o gasto), pódense axilizar as respostas e ao mesmo tempo a análise dos datos obtidos.

O único requisito para formar parte da poboación estudo consiste en ser residente nun dos seguintes barrios, identificados mediante o seu código postal: 15001 (Cidade Vella-O Parrote) e 15010 (Agra do Orzán-O Ventorrillo). Ambos foron escollidos por tratarse dos polos máis opostos, economicamente falando, da cidade da Coruña.

Como consecuencia da pandemia global da covid-19 os períodos de tempo acerca dos que se recolle información son 2017-2019 e 2022, xa que durante o ano 2020 e 2021 existiu unha situación excepcional que non permitiu desenvolver viaxes con normalidade debido tanto ás propias restricións das autoridades como por medo ou desconfianza por parte da poboación.

A enquisa en cuestión foi elaborada por medio de “Microsoft Forms”, o que implica que as repostas serían obtidas por vía electrónica e de maneira anónima. Co obxectivo de obter o maior número de respostas posibles difundíuse por medio de redes sociais e colocáronse carteis cun código QR para acceder a ela, en distintos puntos concorridos de ambos os barrios.

Tras finalizar o período de tempo de espera inicial dun mes, o número de respostas correspondentes a un dos grupos era moi baixo polo que se decidiu ampliar o prazo e facer fincapé nesta zona e na súa veciñanza para obter un maior número de participantes. Finalmente, participaron na enquisa 193 persoas, das cales o 73,58 % son residentes no 15010 e o 26,42 % restante procedentes do 15001.

Os resultados desta enquisa analizaranse estatisticamente no seguinte apartado denominado “Resultados” e os datos obtidos agréganse ao traballo a modo de anexos.

## 4. Resultados

### 4.1. Comparativa dos barrios obxecto de estudo

Chegado a este punto, e de xeito previo á análise dos datos obtidos por medio da enquisa, é necesario realizar unha comparativa entre os dous barrios da cidade da Coruña correspondentes aos códigos postais obxecto de estudo: 15001 (Cidade Vella-Centro) e 15010 (A Agra do Orzán-O Ventorrillo).

Separados por apenas dous quilómetros posúen algunhas diferenzas ademais das económicas, pero tamén similitudes. A continuación, reflíctense trazos fundamentais de cada un dos barrios tales como as súas características demográficas, época de fundación, extensión...

#### 4.1.1. Código postal 15001

Comezando polo CP 15001, este barrio sitúase no extremo oriental da península que conforma a cidade da Coruña e corresponde, tal e como o seu nome “Cidade Vella” indica, coa súa parte máis antiga, concretamente de época medieval, aínda que existen evidencias da pegada dos romanos na mesma zona (San Claudio, 2003). Tamén forma parte deste distrito a zona das Atochas con orixe nos séculos XVIII e XIX (Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia Delegación da Coruña, 2011) ou a do Papagaio, cuxo bulevar comercial e residencial non se inaugurou ata hai 15 anos (Rodríguez, 2008).

**Figura 1: Mapa delimitación do CP 15001**



Fonte: Instituto Xeográfico Nacional (IBERPIX)



Este distrito posúe unha superficie de 0,720129 km<sup>2</sup> (Instituto Xeográfico Nacional de España, s. d.) na que alberga numerosos monumentos e elementos arquitectónicos de valor patrimonial, facendo desta unha zona moi turística. Ao mesmo tempo posúe grandes edificios non residenciais de usos múltiples, entre eles a Casa do Concello, o Cuartel das Atochas ou a Reitoría da Universidade da Coruña.


Os factores anteriores, xunto co tipo de edificios residenciais de poucos andares e moitas veces unifamiliares, provocan que a densidade de poboación no barrio sexa de: 11.523,945 habitantes/km<sup>2</sup> (Instituto Xeográfico Nacional de España, 2015).

Economicamente tal e como reflicte a *Estadística de los declarantes de IRPF de los mayores municipios por código postal 2020* publicada pola Axencia Tributaria (2022) trátase do barrio máis rico da cidade e incluso colócase como segundo de toda España, cunha renda dispoñible bruta media anual de 113.461€.

#### 4.1.2. Código postal 15010

Pola contra, o barrio da Agra do Orzán-O Ventorrillo localízase no interior moi preto da zona industrial e xa case lindando co concello de Arteixo. Segundo a súa antigüidade é moito máis recente, posto que ten a súa orixe a mediados do século XX, propiciada polo éxodo rural cara á cidade (Quincemil, 2020).

**Figura 2: Mapa delimitación do CP 15010**



Fonte: Instituto Xeográfico Nacional (IBERPIX)

Trátase dun distrito conformado polos dous barrios que lle dan o seu nome e nas súas rúas atópanse edificacións de grande altura, chegando incluso aos dez andares. A edificación da Agra do Orzán desenvolveuse de xeito caótico e aproveitando ao

máximo o espazo, o que provocou a inexistencia de zonas verdes e as reducidas dimensións das beirarrúas. En cambio, a zona do Ventorrillo foi erixida con posterioridade dun xeito máis planificado para lle dar unha maior importancia a contar con equipamentos para a veciñanza (Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia Delegación da Coruña, 2011).

No seu conxunto o territorio do 15010 posúe unha superficie de 1,506km<sup>2</sup> e a súa densidade de poboación é de 17.420,36 habitantes/km<sup>2</sup> (Instituto Geográfico Nacional de España, 2015). Pero non toda a poboación se reparte do mesmo xeito dentro desta, senón que en función das características urbanísticas haberá unha maior ou menor concentración de habitantes.

Concretamente, dous terzos do código postal (aproximadamente 1 km<sup>2</sup>) corresponden a solo rústico ou sen apenas edificar con pequenos conxuntos de casas baixas e unifamiliares como A Moura ou Cances, onde en total viven menos de mil veciños (Instituto Xeográfico Nacional de España, 2015). De non incluír esta porción, a densidade poboacional ascendería ate 57.580 habitantes/km<sup>2</sup>, de modo que se trataría con diferenza do barrio máis poboado da cidade.

Este barrio non destaca unicamente polo seu alto número de persoas residentes, senón pola multitude de orixes que estas teñen, posto que unha de cada dez persoas habitantes deste barrio provén do estranxeiro (Méndez, 2018). Por esa razón, ademais de ser o máis poboado é o máis multicultural da cidade.

Porén, ao mesmo tempo, economicamente, sitúase no último posto da clasificación dentro do municipio, pois é o barrio máis pobre da cidade cunha renda bruta media de 23.230 euros ao ano (Axencia Tributaria [AEAT], 2022)

#### 4.1.3. Diferenzas co resto da cidade

Ambos os dous barrios superan a densidade de poboación da cidade en xeral, que se atopa en 6.439,47 hab./km<sup>2</sup> (INE, 2022). Na cidade da Coruña conviven 243.870 veciños e veciñas repartidos en 12 códigos postais, dos cales o 3,15 % reside na Cidade Vella-Centro e un de cada dez, exactamente o 10,75 % faino na Agra do Orzán-O Ventorrillo.

Por medio de sinxelos cálculos a raíz dos datos obtidos da Estatística do IRPF que elabora anualmente a Axencia Tributaria pode saberse que a diferenza de rendas brutas medias entre ambos os barrios de estudo é de 90.231 euros, tal e como pode verse no seguinte cadro. Este dato tradúcese en que o primeiro posúe de media

aproximadamente cinco veces (20,47 %) os ingresos e, por tanto, a capacidade económica do segundo.

**Táboa 1: Comparativa da Estatística do IRPF entre 15001 e 15010**

Barrio	N.º de declaracións	Renda bruta	Renda bruta media	Renda dispoñible	Renda dispoñible media
15001	5.089	577.402.858€	113.461€	446.533.882€	87.745€
15010	13.268	308.211.426€	23.230€	259.798.906€	19.581€
Diferenza	8.179	269.191.432€	90.231€	189.734.976€	68.164€

Fonte: elaboración propia a partir de Axencia Tributaria (2022)

Comparando estes datos co resto da cidade, cuxa renda bruta media segundo a Axencia Tributaria (2022) é de 26.889 euros, pode comprobarse que a veciñanza da Agra do Orzán-O Ventorrillo se axusta máis o nivel económico do municipio e en cambio é a da Cidade Vella-O Parrote a que máis afastada está.

Estes datos poden disentir da realidade ao verse afectos a dous fenómenos que é preciso nomear:

O primeiro deles é o feito de que aquelas persoas que posúan unhas rendas procedentes do traballo inferiores a 22.000€, ou 14.000€ no caso de teren dous ou máis pagadores, non terán a obriga de presentar a declaración da renda (Axencia Tributaria [AEAT], 2023) e, polo tanto, descoñécense tales datos. Isto pode dar lugar a que a renda media do barrio da Agra de Orzán-O Ventorrillo recollida pola AEAT sexa máis alta do que realmente aparece reflectida.

Ao mesmo tempo, outra circunstancia afecta de xeito totalmente contrario ao barrio da Cidade Vella-O Parrote: que Amancio Ortega, o empresario máis rico de España e décimo cuarto na lista Forbes (2023), posúa a súa residencia habitual no Parrote provoca un incremento moi significativo do nivel de renda medio do barrio en cuestión.

Tras coñecer con maior profundidade cada un dos barrios e as súas diferenzas económicas recoñecidas pola Axencia Tributaria, é momento de analizar os datos estatísticos obtidos na enquisa. Por medio da comparación de ambos os barrios en diferentes aspectos: os seus destinos habituais, a frecuencia e duración das viaxes, as súas motivacións, o gasto turístico que están dispostos a asumir etc. poderase determinar como inflúe o nivel de renda ás viaxes turísticas, obxectivo principal deste traballo.

## 4.2. Análise da enquisa

Chegado este punto analízanse as respostas dadas por 193 persoas, aplicando a estatística descritiva, por medio de comparar porcentaxes e analizar diagramas de barras ou de anel.


### 4.2.1. Mostra obtida

A primeira parte da enquisa buscaba recoller as características das persoas enquisadas.

- a) O 73,58 % das persoas enquisadas son residentes no **código postal** 15010 e o 26,42 % restante procede do 15001. Trátase dunha diferenza xustificada pola densidade poboacional de cada un deles, 17.420,36 hab./km<sup>2</sup> e 11.523,945 hab./km<sup>2</sup> respectivamente.
- b) Canto ao **xénero** pode verse unha marcada maioría feminina en ambos os barrios, cun 65,29 % do total das respostas na enquisa (66,901 % no 15010 e 60,784 % no 15001).
- c) Segundo **idade**, a mostra obtida foi maioritariamente nova tanto nun coma noutro barrio, pois máis do 50 % das persoas recoñeceu ser menor de 35 anos (59,86 % e 52,94 %), isto pode relacionarse co feito de que o cuestionario fose exclusivamente en liña.
- d) A **nacionalidade** é maioritariamente española, xa que acada nos dous barrios máis do 90 % sobre o subtotal, aínda que cabe destacar a existencia dunha maior porcentaxe de persoas estranxeiras ou con dobre nacionalidade no barrio 15010 (98,04 % fronte a 91,55 % no 15001).
- e) Posúen maior **nivel de estudos** as persoas veciñas do barrio da Cidade Vella-O Parrote, faise notable ao saber que o 100 % das persoas enquisadas do dito barrio teña cursada como mínimo a ESO –mentres que no Ventorrillo-A Agra do Orzán isto ocorre nun 96,48 % dos casos– e que os estudos universitarios ou de mestrado supoñen case o dobre no primeiro (70,59 %) fronte ao segundo (37,32 %).
- f) O 15001 conta cunha **situación profesional** en xeral máis favorable, xa que o 68,63 % das persoas responderon que traballan a tempo completo e ao mesmo tempo carece de persoas en situación de desemprego (0 % de persoas paradas); mentres que no 15010 nin engadindo ás que traballan a xornada completa aquelas que traballan a tempo parcial é capaz de acadar tal cifra (40,85 % e 15,493 % respectivamente).

- g) En canto ao **número de persoas conviventes** o fogar maioritario na Cidade Vella-O Parrote é aquel formado por dúas persoas (39,22 %) mentres que o minoritario é o de cinco ou máis persoas (7,84 %). No caso do Ventorrillo-A Agra do Orzán os mesmos grupos supoñen porcentaxes ben distintas (20,42 % e 14,08 % respectivamente), en que o fogar de 4 persoas é o maioritario cun 28,87 %.
- h) O **nivel de ingresos** corrobora o criterio polo que se escolleron estes barrios, a gran diferenza que existe entre ambos: A maioría das persoas enquisadas provenientes do CP 15010 posúe un nivel de ingresos mensuais de entre 1.500 e 2.499 euros (30,99 %), seguido daquelas que se atopan no tramo inmediatamente inferior de 1.000 a 1.499 euros (26,06 %). Pola contra, a maioría das persoas que proveñen do CP 15001 (35,29 %) declara ter uns ingresos mensuais de entre 3.500 e 4,999€, é dicir, nos casos máis extremos a diferenza acadaría case os 3.500 euros con respecto á situación máis común no CP do Ventorrillo-A Agra do Orzán. Por medio da seguinte figura pode verse graficamente a diferenza entre distritos segundo o nivel económico das persoas enquisadas residentes en cada un deles:

**Figura 3: Persoas enquisadas segundo os seus ingresos mensuais e por barrios**



Fonte: elaboración propia a partir dos resultados da fonte primaria enquisa realizada


#### 4.2.2. Antes da viaxe

As **motivacións** son as actitudes ou factores que levan ás persoas a faceren viaxes, poden ser moi variadas e como consecuencia dan orixe ás distintas tipoloxías de turismo.

Por medio da gráfica de anel seguinte poden observarse de xeito visual cales son os tipos de turismo que máis realizan as persoas que responderon ao cuestionario base deste estudo, segundo o código postal do que proveñan: En ambos os dous barrios existe unha corrente observable sobre cales son as tipoloxías de turismo practicadas

maioritariamente, pero tamén permite apreciar certas diferenzas que se desagregarán máis adiante.

**Figura 4: Motivacións para viaxar en función dos barrios**



Fonte: elaboración propia a partir dos resultados da fonte primaria enquisa realizada.

No 15001 as tipoloxías de viaxe realizadas en maior medida por parte das persoas enquisadas foron o turismo cultural (28,57 %), sol e praia (24,11 %) e visitar amigos e familiares (14,29 %).

Pola contra, no CP 15010 as tipoloxías máis repetidas coinciden aínda que cunha orde distinta: turismo de sol e praia en primeiro lugar (22,73 %), seguido de visitas a amigos e familiares e turismo cultural (ambas cunha porcentaxe do 19,93 %).

Comparativamente é preciso destacar que existe un menor interese polo turismo cultural por parte da veciñanza do barrio do Ventorrillo-A Agra do Orzán fronte á da Cidade Vella-O Parrote. En cambio, dáse a situación contraria no caso de visitar a amigos ou familiares, este tipo de turismo permite un grande aforro, xa que reduce os gastos relacionados co aloxamento, o cal pode ser unha explicación pola que se fai máis popular entre o público do barrio con menor poder adquisitivo.

Outras diferenzas aparecen, por exemplo, no caso do turismo por motivos de traballo, o cal ten maior alcance no caso do CP 15001 (7,14 % fronte a 2,45 %), mentres que o CP 15010 conta cun maior número de persoas que realizan turismo termal (5,59 % fronte a 3,57 %) ou de natureza (13,99 % e 7,14 % respectivamente).

Unha vez coñecidas as motivacións das persoas enquisadas para viaxar despexase a incógnita do “porqué”, polo que o seguinte paso é saber segundo os correspondentes *pull factors* “a onde?” habitúan ir de viaxe.

O **destino escollido** dependerá do tipo de turismo que busquen realizar as persoas, optando por un destino ou outro, segundo este se adapte en maior ou menor

medida ás súas motivacións. Outros factores como a duración da viaxe ou o orzamento poden condicionar tamén as decisións que se tomen, xa que, por exemplo, unha viaxe de longa distancia habitúa ser incompatible cunha de curta duración.

O 97,87% das persoas enquisadas do barrio Cidade Vella-O Parrote viaxaron fóra do país, mentres que no barrio do Ventorrillo-A Agra do Orzán o resultado foi de 92,06 %.

No caso das viaxes fóra de Europa existen maiores diferenzas entre ambos os grupos, do barrio con CP 15001 o 70,2 1% da súa veciñanza recoñece ter estado fóra de Europa, mentres que no caso do barrio con CP 15010 son maioría aqueles que non o fixeron (54,76 %).

Ademais, preguntóuselles ás persoas que responderon o cuestionario se acostuman repetir destino ou, pola contra, prefiren coñecer lugares novos: no barrio 15001 o 40,43 % recoñece repetir destino; en cambio, esta cifra aumenta no barrio 15010 ata acadar o 51,59 %.

As persoas escollidas como **compañía** para levar a cabo cada unha das viaxes terá consecuencias nas actividades realizadas no destino, no tipo de aloxamento que se escolla e, polo tanto, no gasto efectuado en cada unha delas.

A opción máis escollida, independentemente do barrio do que proveñan, foi a correspondente a que é a súa parella quen habitúa acompañalas nas viaxes que realizan; especialmente no caso do barrio 15001 onde chega case ao 50 % (concretamente un 44,68 %), fronte ao 36,51 % do barrio 15010.


É no caso do segundo grupo que máis lles acompaña nas viaxes cando os datos difiren dun xeito maior, as persoas veciñas do 15001 escollen ás súas amizades (25,53 %) mentres que as do barrio 15010 prefiren facelo coa súa familia (34,13 %).

Unha vez coñecidos o “porqué” queren viaxar, “a onde” habitúan facelo e “con quen” comparten as ditas experiencias, chega o momento de organizar a viaxe. Entendendo como **organización** a compra/reserva do transporte e o aloxamento, non das actividades que se van realizar cada un dos días que dure a viaxe no lugar de destino.

Tal e como pode verse na figura 5 a maioría das persoas que responderon a enquisa coincide en que, independentemente do barrio de procedencia, organiza as súas viaxes a través de comparadores en liña (35,80 % no 15001 e 34,26 % no 15010). Pode observarse unha tendencia marcada pola importancia das novas tecnoloxías, xa que a seguinte opción máis escollida tamén está relacionada co mundo dixital: en

segundo posto atópanse as reservas a través da web ou aplicación oficial (24,69 % e 19,91 % seguindo a mesma orde). Non acontece o mesmo no caso das axencias de viaxes, xa que seguen preferíndose as presenciais fronte ás electrónicas (unha diferenza de 1,23 % no barrio da Cidade Vella-O Parrote e de 1,85 % na Agra do Orzán-O Ventorrillo).

**Figura 5: Formas de organizar as viaxes en función dos barrios**



Fonte: elaboración propia a partir dos resultados da fonte primaria enquisa realizada

### 4.2.3. Propensión a viaxar

Neste apartado debido á situación excepcional da covid-19 recolleuse información acerca do **número de viaxes realizadas** relativa a dous períodos distintos: o primeiro comprende dende 2017 ata 2019, de xeito previo á pandemia, e o segundo o ano 2022, xa que tal e como recolle Exceltur (2023) a partir dese ano recuperáronse os niveis de 2019, o cal permite comparar os datos cunha maior precisión:

No período previo á pandemia da covid-19 en ambos os barrios a maioría das persoas enquisadas (39,22 % no caso do 15001 e 41,55 % no do 15010) realizaron entre 3 e 5 viaxes nun período de 3 anos, o que equivale a unha cantidade de entre 1 e 1,6 viaxes por ano. Trátase dunha minoría a que recoñeceu non ter a oportunidade de viaxar entre os anos 2017 e 2019, con diferenzas salientables entre barrios (1,96 % das residentes na Cidade Vella fronte ao 9,15 % no Ventorrillo).


Durante o ano 2022, e unha vez dada por controlada a situación sanitaria, o 79,79 % das persoas participantes no cuestionario fixeron como mínimo unha viaxe, mais a franxa correspondente a 1 ou 2 viaxes é a escollida pola maioría (37,25 % no



caso do 15001 e 41,55 % no 15010). O número de persoas que decidiu non viaxar, ou non tivo a posibilidade de facelo, aumentou considerablemente no pasado ano 2022 ata acadar o 15,69 % no 15001 e 21,83 % no 15010, de modo que pasou a ser a terceira resposta máis frecuente do apartado.

As **razóns** polas que tiveron que optar por non viaxar ofrecen moita información relevante:

**Figura 6: Freos para viaxar en función dos barrios antes e despois da pandemia covid-19**



Fonte: elaboración propia a partir dos resultados da fonte primaria enquisa realizada

Tal e como se recolle na gráfica anterior, con anterioridade á pandemia as persoas enquisadas do barrio 15001 non puideron viaxar debido á falta de tempo por cargas ou compromisos familiares, mentres que no 15010 foron a falta de tempo por compromisos laborais e os motivos financeiros os culpables.

Aínda que durante 2022 a variedade de motivos aumentou ao incorporarse falta de motivación, saúde e a covid-19, cabe destacar que esta última se considerou un freo minoritario en ambos os barrios (12,5 % no distrito 15001 e 9,68 % no 15010).

Na gráfica pode observarse como os motivos financeiros non foron freo en ningún dos períodos para as persoas do 15001, mentres que para as persoas do 15010 en ambos os casos é a razón maioritaria para non poder saír de viaxe.

No que resta deste apartado trátase de coñecer mellor as características das viaxes realizadas polas persoas enquisadas, información útil e complementaria aos datos sobre o número de viaxes realizadas analizado anteriormente.


Atópanse notables diferenzas entre os grupos de estudo segundo a maior ou menor **frecuencia** coa que realizan as súas viaxes nun tempo determinado, é dicir, cada canto tempo teñen lugar.

Os datos correspondentes ao barrio 15001 amosan que as persoas residentes nel que contestaron á enquisa, acostuman irse de vacacións na súa maioría unha vez cada tres meses (36,17 %), seguido daquelas que o fan cada medio ano (25,53 %) e deixando en último lugar aquelas que viaxan só cada dous anos ou máis (6,38 %).

Mentres que no 15010 está en primeiro lugar a opción escollida por aquelas persoas que o fan unha vez cada medio ano (38,10 %), seguido das que viaxan unha vez ao ano (23,81 %) e a minoría (6,35 %) coincide co caso anterior, pois son as que viaxan cada dous ou máis anos.

A través do diagrama de barras da figura 7 pode verse que as persoas que viven no primeiro barrio recoñecen ir de viaxe con menos frecuencia que os do segundo:

**Figura 7: Comparativa da frecuencia coa que realizan viaxes en función dos barrios**



Fonte: elaboración propia a partir dos resultados da fonte primaria enquisa realizada

A **duración** dunha viaxe é outro dos factores para analizar e está, salvo para aquelas persoas que non traballan por conta allea, condicionada polo número mínimo de días de vacacións que establece o Estatuto dos traballadores, concretamente, 2,5 días naturais libres por cada mes traballado (art. 38 Real decreto lexislativo 2/2015).

En ambos os barrios, a maior parte das persoas declararon realizar viaxes cunha duración menor a cinco días (entendendo por días o número de pernoitas), o 48,94 % dos casos no 15001 e o 52,38 % no 15010. Na segunda posición coinciden tamén aquelas persoas que realizan viaxes con duración de entre 5 e 10 días (42,55 % e 39,68 % respectivamente).

O **período** maioritario escollido para levar a cabo as ditas viaxes coincide en ambos os casos e corresponde a “fins de semana” e “pontes festivas”: 32,95 % no CP 15001 e 33,19 % no CP 15010, de modo que esta é unha razón posible pola cal as viaxes teñen a duración anteriormente mencionada.

Seguidamente, e en menor cantidade foron escollidas as respostas “Todo o ano” e “Agosto”. Cabe destacar a resposta “Outros” dun dos individuos do barrio 15001 que di claramente “Escollendo as datas onde sae máis barato”.


É dicir, as persoas participantes no cuestionario residentes na Cidade Vella viaxan con maior frecuencia (entre dous e catro veces ao ano) e, por tanto, cada menos tempo, que as residentes no Ventorrillo (entre unha e dous veces ao ano). En cambio, a diferenza segundo a duración das viaxes realizadas e a época do ano non é moi marcada, xa que en ningún dos casos a diferenza supera o 4%.

#### 4.2.4.A viaxe: transporte e aloxamento

Unha vez coñecidas as decisións tomadas con anterioridade á viaxe como a data, as motivacións, as persoas acompañantes escollidas ou o medio polo que se reserva a experiencia, é o momento de analizar os datos sobre o medio de transporte e o tipo de aloxamento escollido, xa que estes dous últimos son os factores que maior desembolso habitúan supoñer.

O **medio de transporte** escollido de xeito maioritario para realizar os desprazamentos ata o lugar de destino coincide en ambos os dous grupos, pois tanto o barrio correspondente ao CP 15001 coma o que ten asignado o CP 15010 sinalaron que é empregando o seu vehículo propio como chegan ao seu destino, concretamente o 31,96 % e o 36,36 % das persoas enquisadas empregan este medio de transporte respectivamente.

**Figura 8: Medio de transporte escollido en función dos barrios**



Fonte: elaboración propia a partir dos resultados da fonte primaria enquisa realizada


Tal e como pode observarse na figura 8, a tendencia é similar nun barrio respecto do outro, unicamente cabe destacar o feito de que o 15010 posúa maior cantidade de persoas que afirman viaxar en vehículo propio e en autobús que os deus veciños do barrio 15001 e, ao mesmo tempo, que ningunha das persoas enquisadas do segundo escollera a opción “Cruceiro” ou “Outros”.

Unha vez que chegan ao seu destino, o **tipo de aloxamento** no que se hospeden ten moito que ver coas súas motivacións, o tipo de viaxe que estean a buscar e a capacidade económica, do mesmo xeito que ocorre co réxime alimentario escollido.

No caso do aloxamento escollido existen maiores diferenzas en función do barrio do que proveñan as respostas. As persoas que recoñeceron ser veciñas do barrio da Cidade Vella-O Parrote acostuman hospedarse en hoteis de entre 4 e 5 estrelas (34,04 %), seguido de hoteis de 1 a 3 estrelas (29,79 %) e de apartamentos de aluguer (21,28 %), mentres que as vivendas de amigos e familiares quedan relegadas a unha cuarta posición (6,38 %).

Estes catro tipos de aloxamento coinciden cos da veciñanza do Ventorrillo-A Agra do Orzán, non obstante existe unha clara diferenza na súa orde: o aloxamento escollido de xeito maioritario son os hoteis de entre 1 e 3 estrelas (31,75 %), seguido de apartamentos en aluguer (22,22 %), hoteis de 4 e 5 estrelas (20,63 %) e vivendas de familiares e amigos (11,11 %). Todos os datos comentados poden observarse de forma visual no gráfico a continuación.

**Figura 9: Tipo de aloxamento en función dos barrios**



Fonte: elaboración propia a partir dos resultados da fonte primaria enquisa realizada

O **réxime de estancia** ou pensión alimenticia dun hotel pode dividirse en cinco clases, SA (só aloxamento), AD (aloxamento e almorzo), MP (media pensión, é dicir

almorzo e unha das comidas), PC (pensión completa, é dicir almorzo, xantar e cea) ou TI (todo incluído). Ademais, é importante resaltar que esta resposta terá relevancia unicamente para as persoas que acostumen hospedarse en hoteis.

As opcións máis repetidas foron as correspondentes a SA e AD, que obtiveron as seguintes porcentaxes segundo os barrios: no 15001 48,84 % AD e 39,53 % SA, mentres que no 15010 foi de 40,18 % SA e 38,39 % AD. A opción menos valorada en ambos os dous casos foi a de PC e cabe destacar a diferenza que existe no caso do todo incluído (TI), especialmente porque, pese ao que podía esperarse, é o barrio 15010 o que escolle este tipo de réxime alimenticia nun 11,61 % das veces fronte ao 4,65 % que recoñecen as persoas veciñas do 15001.


Unha posible razón para explicar este fenómeno é que as persoas veciñas do barrio da Agra do Orzán-O Ventorrillo buscan ter todos os servizos ao seu alcance a un prezo pechado e coñecido antes de comezar a viaxe. En cambio, as persoas que residen na Cidade Vella-O Parrote satisfacerán as mesmas necesidades acudindo a bares e restaurantes sen necesidade de ter establecido un gasto máximo neles. Esta posibilidade concorda, ademais, cos datos recollidos sobre o gasto desagregado correspondente a manutención, tal e como se reflicte proximamente na figura 12.

#### 4.2.5. Gasto desagregado

O gasto turístico pode desagregarse en distintas partidas, das cales se analizarán as seguintes: transporte ou desprazamento; aloxamento ou estadía; alimentación ou bares e restauración; actividades de ocio, lúdicas ou culturais e en *souvenirs* ou recordos.


O orzamento destinado a **desprazamento** por parte da maioría das persoas que contestaron a enquisa corresponde ao mesmo tramo en ambos os dous barrios: a maioría recoñece estar en disposición de gastar entre 100 e 199 euros no transporte que os levará desde o seu fogar ata o seu destino e volta, aínda que con diferenzas: a porcentaxe de persoas do CP 15010 que destina a dita cifra a este fin é menor da que o fai no CP 15001 (42,55 e 34,92 % respectivamente).

Pese a que a maioría se concentra sobre a franxa central da gráfica os resultados son dispares, o cal pode verse claramente coa figura 10, xa que en cada tramo é distinto o código postal que posúe e a maioría. Debido a isto non é doado poder establecer unha relación entre os resultados, como ocorrería no caso de que cando o gasto nun barrio aumente, diminúa no outro.

**Figura 10: Orzamento para desprazamento en función dos barrios**

Fonte: elaboración propia a partir dos resultados da fonte primaria enquisa realizada

No caso do **alojamento**, o orzamento habitual por noite da maioría das persoas que contestaron a enquisa atópase entre 51 e 100 euros independentemente do grupo ao que pertencen (42,55 % no caso do CP 1001 e 40,48 % no caso do CP 15010) como pode verse por medio da figura 11. Trátase dun dato interesante xa que, pola contra, os tipos de aloxamentos escollidos non coinciden, tal e como se analizou con anterioridade.

**Figura 11: Orzamento para aloxamento en función dos barrios**

Fonte: elaboración propia a partir dos resultados da fonte primaria enquisa realizada


As diferenzas aparecen ao comparar os tramos que corresponden ao segundo e terceiro caso máis habitual en cada un dos códigos postais: no barrio da Cidade Vella-O Parrote o 23,40 % establece o seu orzamento con respecto ao lugar de estadía xusto por enriba do tramo maioritario, entre 101 e 200 €, mentres que unicamente o 10,64 % o fai por debaixo do citado tramo, entre 26 e 50 €. En cambio, no caso das persoas residentes na Agra do Orzán-O Ventorrillo pode verse que buscan lugares nos que

hospedarse cuxo custo sexa menor, xa que os datos actúan de xeito oposto: o 19,05 % recoñeceu empregar entre 26 e 50 € a esta finalidade e o 13,49 % entre 101 e 200 €.

Tal e como se recolle na figura 12, no apartado do orzamento destinado a **manutención** fóra dos hoteis, como é o caso dos bares e restaurantes, existen maiores diferenzas entre os barrios.

A meirande parte das persoas enquisadas provenientes do 15010 declara que habitúa gastarse por termo medio entre 26 e 50 euros por día nese tipo de establecementos durante as súas vacacións (35,71 %). Mentres que no caso dos seus homólogos do 15001 se obtivo un empate a partes iguais entre as persoas que se gastan entre 26 e 50 euros e as que gastan entre 51 e 100 euros (29,79 %). Por esa razón pode verse que as persoas residentes no barrio 15001 destinan maior parte do seu gasto turístico a esta partida.

**Figura 12: Orzamento destinado a restauración en función dos barrios**



Fonte: elaboración propia a partir dos resultados da fonte primaria enquisa realizada


As cifras mostran unha tendencia baseada no feito de que unha vez superado o presuposto escollido pola maioría das persoas do primeiro grupo (de 26 a 50 euros), é maior a porcentaxe de persoas do segundo grupo que acadan tales cifras de gasto, salvo no caso do tramo 201 a 300 € no que o 15010 supera ao 15001. O gasto en manutención pode ter relación cos resultados xa comentados anteriormente acerca do réxime alimenticio, debido a que no caso de contratar, por exemplo, todo incluído, non precisarán gastar nada fóra do aloxamento e, polo tanto, o gasto correspondente a bares ou restauración será menor.

Dentro da partida destinada a **actividades de ocio** englobanse os custos correspondentes ao acceso a espazos tales como museos, concertos, parques de

atraccións, ou eventos e celebracións coma obras de teatro, actos deportivos, festivais etc. que na súa maioría teñen un prezo de entrada.

Tal e como pode comprobarse na figura 13, os resultados son moi dispares, de modo que se aglutinan aproximadamente o 75 % das respostas en tres dos cinco tramos existentes, concretamente arredor dun 25 por cento en cada caso dos seguintes: o primeiro de 11 a 25 €, o medio de 26 a 50 € e o superior de 51 a 100 €.


**Figura 13: Orzamento destinado a ocio en función dos barrios**



Fonte: elaboración propia a partir dos resultados da fonte primaria enquisa realizada

Por último, é momento de analizar o orzamento destinado á parte física da viaxe que volve a casa cos viaxeiros e viaxeiras, os **souvenirs**. Como pode verse na figura 14, as persoas veciñas do barrio coruñés da Agra do Orzán están dispostas a gastarse maior cantidade de cartos en recordatorios da viaxe ou obsequios para amigos e familiares.

**Figura 14: Gasto en souvenirs en función dos barrios**



Fonte: elaboración propia a partir dos resultados da fonte primaria enquisa realizada



A maior parte das persoas enquisadas procedentes do barrio con CP 15001 establecen o seu orzamento para este tipo de artigos na franxa entre 10 e 24 € (40,43 %) seguido das que gastan aínda menos, entre cero e 9 euros (38,30 %). En cambio, no caso das persoas residentes no CP 15010 o seu orzamento está máis repartido: destaca unha terceira posición na que o 20,63 % das persoas veciñas decide desembolsar entre 25 e 49 euros neste concepto, fronte ao 10,64 % da veciñanza do barrio con CP 15001.

### 4.3. Relación entre variables

Chegado este punto continúaase analizando a enquisa co obxectivo de determinar como inflúe tanto o nivel de renda como a situación profesional nas viaxes turísticas, concretamente no número de viaxes realizadas con independencia da súa duración ou destino.

Para poder facelo emprégase unha metodoloxía cuantitativa, dado que se basea no traballo con datos numéricos, analizando a existencia ou non de relación entre distintas variables cualitativas por medio de táboas de continxencia. Para a súa elaboración foi necesario empregar o programa SPSS (*Statistical Package for the Social Sciences*), software estatístico especializado.

Foron escollidas catro parellas de variables útiles coa finalidade de analizar a súa capacidade para cumprir o obxectivo deste traballo, mencionado anteriormente. As ditas parellas son as seguintes:

- Código postal e nivel de renda.
- Nivel de renda e número de viaxes realizadas de 2017 a 2019.
- Nivel de renda e número viaxes realizadas no ano 2022.
- Situación profesional e número viaxes realizadas no ano 2022.

Coa excepción do primeiro caso, cada parella conta cunha variable independente ou “explicativa” que aparece representada nas filas e outra dependente, ou “para explicar” que se representa por medio das columnas; o cruzamento delas permite resumir os datos de xeito sinxelo e visual para o seu posterior estudo en profundidade por medio de técnicas específicas.

Nalgunhas das táboas, as variables sobre as que se pretende estudar a relación son nominais, é dicir, trátase de variables nas que entre os seus niveis ou modalidades non é posible establecer ningún tipo de relación, nin de orde e, polo tanto, só é posible empregar medidas de asociación moi xerais. Pola contra, noutros casos as variables

son ordinais, polo que é posible establecer unha relación de orde entre as súas modalidades e permiten utilizar as medidas de asociación específicas para este tipo de variables.

#### 4.3.1. Estudo da relación existente entre barrio de pertenza (código postal) e o nivel de renda

O primeiro caso para estudar é o correspondente á relación existente entre o barrio do que proveñen as persoas enquisadas (variable Código Postal ou CP) e o nivel de renda.

Co obxectivo de evitar o exceso de frecuencias esperadas pequenas recodificáronse os tramos correspondentes á variable renda por medio de unir os intervalos “ata 999 euros” e o tramo “de 1000 a 1499 euros”, de tal xeito que os novos tramos son:

- Ata 1.499 euros = 1
- De 1.500 a 2.499 euros = 2
- De 2.500 a 3.499 euros = 3
- De 3.500 a 4.999 euros = 4
- 5.000 euros ou máis = 5

A táboa 2 recolle a relación conxunta entre as variables anteriormente citadas, polo que é útil para corroborar se o barrio onde viven as persoas enquisadas ten relación co nivel de renda que estas posúen.

**Táboa 2: Táboa de continxencia - Código postal \* Nivel de renda codificado**

			Nivel de renda codificado					Total
			“1”	“2”	“3”	“4”	“5”	
Código postal (CP)	15001	Reconto	7	12	11	18	3	51
		Reconto esperado	15,1	14,8	10,3	9,0	1,8	51,0
		% dentro de CP	<b>13,7%</b>	23,5%	21,6%	<b>35,3%</b>	<b>5,9%</b>	100,0%
		% dentro de renda codificada	12,3%	21,4%	28,2%	52,9%	42,9%	26,4%
	15010	Reconto	50	44	28	16	4	142
		Reconto esperado	41,9	41,2	28,7	25,0	5,2	142,0
		% dentro de CP	<b>35,2%</b>	31,0%	19,7%	<b>11,3%</b>	<b>2,8%</b>	100,0%
		% dentro de renda codificada	87,7%	78,6%	71,8%	47,1%	57,1%	73,6%
Total	Reconto	57	56	39	34	7	193	
	Reconto esperado	57,0	56,0	39,0	34,0	7,0	193,0	
	% dentro de CP	29,5%	29,0%	20,2%	17,6%	3,6%	100,0%	
	% dentro de renda codificada	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	

Fonte: elaboración propia a partir dos resultados da fonte primaria enquisa realizada

Da táboa de continxencia anterior pode extraerse que máis do 40 % das persoas enquisadas procedentes do CP 15001 sitúan o seu nivel de renda en 3.500 euros ou máis (35,3 % e 5,9 %), mentres que o mesmo tramo só é acadado por un 14,1 % das persoas residentes no CP 15010. Pola contra, máis do 35 % das persoas enquisadas cuxo barrio é A Agra do Orzán-O Ventorrillo sitúa a súa renda no tramo correspondente a ata 1.499 euros, cifra que só chega ao 13,7 % entre as persoas enquisadas da Cidade Vella-O Parrote.

Para poder estudar se o nivel de renda e o barrio do que proveñen as persoas enquisadas posúe relación é necesario empregar a proba khi cadrado ( $\chi^2$ ) que serve para comprobar a independencia entre dúas variables:

$H_0$ : as variables **código postal** e **nivel de renda codificada** son independentes

$H_1$ : **código postal** e **nivel de renda codificada** non son independentes

**Táboa 3: Proba de khi cadrado - Código Postal \* Nivel de renda codificada**

Proba de Khi-cadrado			
	Valor	df	Significación asintótica (bilateral)
Khi cadrado de Pearson	19,916 <sup>a</sup>	4	,001
Razón de verosimilitude	19,264	4	,001
N.º de casos válidos	193		
a. 1 casa (10,0%) esperou un reconto menor que 5. O reconto mínimo esperado é de 1,85.			

Fonte: elaboración propia a partir dos resultados da fonte primaria enquisa realizada

Rexéitase a hipótese de independencia ( $H_0$ ) debido a que a significación ou p-valor é de 0,001 e, polo tanto, menor que 0,05. Isto demostra que **existe relación entre ambas as variables**. Pode corroborarse coas medidas de asociación máis habituais en variables nominais, como son as da táboa 4.

**Táboa 4: Medidas simétricas - Código Postal \* Nivel de renda codificada**

Medidas simétricas			
		Valor	Significación aproximada
Nominal por Nominal	Phi	,321	,001
	V de Cramer	,321	,001
	Coefficiente de continxencia	,306	,001

Fonte: elaboración propia a partir dos resultados da fonte primaria enquisa realizada

#### 4.3.2. Estudo da relación entre nivel de renda e número de viaxes realizadas

Unha vez coñecido que si existe relación entre o nivel de renda e o barrio no que viven as persoas enquisadas, dáse paso a estudar a relación existente entre o nivel de renda de cada unha delas co número de viaxes que realizan. Tal e como se fixo no

apartado 4.2.3. téñense en conta os efectos da pandemia e o paro que sufriu o sector turístico nos anos 2020 e 2021.

Nesta ocasión utilizáronse os mesmos tramos codificados correspondentes á variable renda e, ademais, foi necesario preparar previamente os datos da variable número de viaxes realizadas, do mesmo xeito e polo mesmo motivo, agrupándoos en novos tramos para tratar de evitar o exceso de frecuencias esperadas pequenas:

- Ata 2 viaxes:  $\leq 2$
- de 3 a 5 viaxes: 3 a 5
- Máis de 5 viaxes:  $> 5$

Nesta ocasión a variable dependente é o **número de viaxes realizadas de 2017 a 2019 codificada** e a variable independente o **nivel de renda codificada**; a continuación, estudase se o nivel de renda que posúen as persoas enquisadas inflúe no número de viaxes que estas realizaron nos anos previos á pandemia da covid-19.

**Táboa 5: Táboa de continxencia – Nivel de renda cód. \* Viaxes 2017-2019 cod**

			N.º de viaxes 2017 2019 cod			Total
			$\leq 2$	3 a 5	$> 5$	
Nivel de renda codificada	"1"	Reconto	27	22	8	57
		Reconto esperado	18,6	23,3	15,1	57,0
		% dentro de renda cod	47,4%	38,6%	14,03%	100%
		% dentro de viaxe2020cod	<b>42,9%</b>	27,8%	15,7%	29,5%
	"2"	Reconto	20	27	9	56
		Reconto esperado	18,3	22,9	14,8	56,0
		% dentro de renda cod	35,7%	48,2%	16,1%	100%
		% dentro de viaxe2020cod	31,7%	<b>34,2%</b>	17,6%	29,0%
	"3"	Reconto	12	15	12	39
		Reconto esperado	12,7	16,0	10,3	39,0
		% dentro de renda cod	30,8%	38,5%	30,8%	100%
		% dentro de viaxe2020cod	19,0%	19,0%	23,5%	20,2%
	"4"	Reconto	4	13	17	34
		Reconto esperado	11,1	13,9	9,0	34,0
		% dentro de renda cod	11,8%	38,2%	50%	100%
		% dentro de viaxe2020cod	6,3%	16,5%	<b>33,3%</b>	17,6%
	"5"	Reconto	0	2	5	7
		Reconto esperado	2,3	2,9	1,8	7,0
		% dentro de renda cod	<b>0,0%</b>	28,6%	71,4%	100%
		% dentro de viaxe2020cod	<b>0,0%</b>	2,5%	9,8%	3,6%
Total	Reconto	63	79	51	193	
	Reconto esperado	63,0	79,0	51,0	193,0	
	% dentro de renda cod	32,6%	40,9%	26,4%	100%	
	% dentro de viaxe2020cod	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	

Fonte: elaboración propia a partir dos resultados da fonte primaria enquisa realizada

Sen ter en conta o nivel de renda asociado, a táboa 5 mostra que 32 de cada cen persoas (32,6 %) viaxaron como moito durante o período de 3 anos dúas veces, case

41 (40,9 %) realizaron de tres a cinco viaxes e 26 de cada cen (26 %) viaxaron máis de 5 veces no citado período.

O 42,9 % das persoas que fixeron no período 2017-2019 entre ningunha e dúas viaxes pertence ao nivel de renda tipo 1 (ata 1.499 euros). Mentres que o mesmo caso se produciu no 0 % das persoas cun nivel de renda tipo 5 (5.000 euros ou máis), polo que o 100 % das persoas co dito tipo de renda realizaron polo menos tres viaxes no mesmo período. A diferenza máis salientable atópase ao comparar a cantidade de persoas con nivel de renda tipo 1 que realizan máis de 5 viaxes (14,03 %) fronte ás que fixeron o mesmo número de viaxes (71,4 %) cun nivel de renda tipo 5.

No caso das persoas que recoñeceron realizar de tres a cinco viaxes, son na súa maioría (34,2 %) persoas cun nivel de renda tipo 2 (de 1.500 a 2.499 euros), mentres que case a metade (48,2 %) son as persoas do dito nivel de renda que fixeron entre 3 e 5 viaxes. En cambio, o 33,3 % das persoas que realizan máis de 5 viaxes forman parte do tipo 4 segundo o seu nivel de renda, é dicir, os seus ingresos van de 3.500 a 4.999 euros. Os datos reflicten que o número de viaxes aumenta cando o nivel de renda tamén o fai.

A continuación, emprégase novamente a proba khi cadrado ( $\chi^2$ ) para poder comprobar se as variables nivel de renda e número de viaxes realizadas nos anos 2017 a 2019 polas persoas enquisadas seguen ou non unha relación de independencia:

$H_0$ : as variables número de viaxes realizadas de 2017 a 2019 codificada e renda codificada son independentes

$H_1$ : número de viaxes realizadas de 2017 a 2019 e renda codificada non son independentes

**Táboa 6: Probas de khi cadrado – Nivel de renda cod \* Viaxes 2017-2019 cod**

Probas de khi-cadrado			
	Valor	df	Significación asintótica (bilateral)
Khi cadrado de Pearson	30,375 <sup>a</sup>	8	,000
Razón de verosimilitude	31,503	8	,000
a. 3 casas (20,0%) esperaron un recuento menor que 5. O recuento mínimo esperado é 1,85.			

Fonte: elaboración propia a partir dos resultados da fonte primaria enquisa realizada

Rexéitase a hipótese de independencia ( $H_0$ ), xa que a significación ou p-valor é igual a 0,000 e, polo tanto, menor que 0,05, demostrando que si **existe relación entre ambas as variables**.

As medidas direccionais e simétricas da táboa a continuación, complementan este resultado.

**Táboa 7: Medidas direccionais e simétricas – Nivel de renda cod \* Viaxes 2017-2019 cod**

Medidas direccionais						
			Valor	Erro estándar asintótico <sup>a</sup>	T aproximada <sup>b</sup>	Significación aproximada
Nominal por nominal	Lambda	Simétrico	,104	,059	1,698	,090
		Renda cod dependente	,103	,060	1,639	,101
		Viaxe 2020 cod dependente	<b>,105</b>	,077	1,300	,194
Ordinal por ordinal	d de Somers	Simétrico	,305	,057	5,278	,000
		Renda cod dependente	,328	,061	5,278	,000
		Viaxe 2020 cod dependente	<b>,285</b>	,053	5,278	,000
a. Non se presupón a hipótese nula.						
b. Utilización do erro estándar asintótico que presupón a hipótese nula.						
c. Basease na aproximación de khi-cadrado						
Medidas simétricas						
			Valor	Erro estándar asintótico <sup>a</sup>	T aproximada <sup>b</sup>	Significación aproximada
Nominal por nominal	Coeficiente de continxencia		,369			,000
Ordinal por ordinal	Gamma		<b>,426</b>	,076	5,278	,000
a. Non se presupón a hipótese nula.						
b. Utilización do erro estándar asintótico que presupón a hipótese nula.						

Fonte: elaboración propia a partir dos resultados da fonte primaria enquisa realizada

A partir das táboas anteriores e os seus estatísticos pode verse que:

Lambda, usando o número de viaxes como variable dependente, sinala que en caso de predicir o nivel dos mesmos coñecendo o intervalo de renda, prodúcese unha ganancia en precisión de máis do 10 % (10,5 %) que en caso de realizar a mesma predición sen coñecer o nivel de renda.

As medidas direccionais (d de Sommers e Gamma), específicas para táboas cuxas variables son ordinais, presentan signos positivos, o que significa que ambas as variables se moven na mesma dirección; é dicir, que se a renda aumenta tamén o fai o número de viaxes realizadas de xeito previo á pandemia. Polo tanto, corrobora o que xa se deducía da táboa de continxencia plasmada ao inicio deste apartado (táboa 5).

A continuación, faise o mesmo estudo, empregando a mesma codificación e técnicas, aplicado ao caso das viaxes realizadas no pasado ano 2022, é dicir, unha vez que se recuperou a “normalidade” no sector turístico tras a pandemia da covid-19. Será

útil para poder comparar ambas as situacións e ver os efectos que pese ao paso do tempo a pandemia provocou.

A variable dependente pasa a ser o **número de viaxes realizadas en 2022** e a variable independente o **nivel de renda codificado**, serve para estudar se o nivel de renda que posúen as persoas enquisadas inflúe no número de viaxes que realizaron no ano 2022.

**Táboa 8: Táboa de continxencia – Nivel de renda codificado \* Nº de viaxes 2022 codificada**  
**Nivel de renda codificado \* Nº de viaxes 2022 codificado**

		Nº viaxes 2022 cod			Total	
		≤2	3 a 5	>5		
Nivel de renda codificado	"1"	Reconto	39	14	4	57
		Reconto esperado	34,6	15,7	6,8	57,0
		% dentro de renda cod	68,4%	24,6%	7,0%	29,5%
		% dentro de viaxes 2022 cod	33,3%	26,4%	17,4%	100%
	"2"	Reconto	42	11	3	56
		Reconto esperado	33,9	15,4	6,7	56,0
		% dentro de renda cod	75,0%	19,6%	5,4%	29,0%
		% dentro de viaxes 2022 cod	35,9%	20,8%	13,0%	100%
	"3"	Reconto	21	11	7	39
		Reconto esperado	23,6	10,7	4,6	39,0
		% dentro de renda cod	53,8%	28,2%	17,9%	20,2%
		% dentro de viaxes 2022 cod	17,9%	20,8%	30,4%	100%
	"4"	Reconto	13	14	7	34
		Reconto esperado	20,6	9,3	4,1	34,0
		% dentro de renda cod	38,2%	41,2%	20,6%	17,6%
		% dentro de viaxes 2022 cod	11,1%	26,4%	30,4%	100%
	"5"	Reconto	2	3	2	7
		Reconto esperado	4,2	1,9	,8	7,0
		% dentro de renda cod	28,6%	42,9%	28,6%	3,6%
		% dentro de viaxes 2022 cod	1,7%	5,7%	8,7%	100%
Total		Reconto	117	53	23	193
		Reconto esperado	117,0	53,0	23,0	193,0
		% dentro de renda cod	60,6%	27,5%	11,9%	100,0%
		% dentro de viaxes 2022 cod	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Fonte: elaboración propia a partir dos resultados da fonte primaria enquisa realizada

O 60,6 % das persoas enquisadas, independentemente do seu nivel de renda, realizou no ano 2022 como moito dúas viaxes, o 27,5 % recoñeceu ter realizado entre tres e cinco e, por último, o 11,9 % viaxou máis de 5 veces no ano.

Tal e como pode verse na táboa 8, a maior parte das persoas que corresponden aos niveis de renda tipo 1 e 2 ("ata 1.499 euros" e "de 1500 a 2.499 euros" respectivamente) viaxaron dúas veces, unha ou incluso ningunha no 2022; concretamente, o 68,4 % das do tipo 1 e o 75 % das do tipo dous. En cambio, no caso

das persoas cun nivel de renda tipo 5 menos dunha terceira parte (28,6 %) realizaron menos de tres viaxes no mesmo período.

Por medio do exemplo citado de xeito precedente pode verse como segundo o nivel de renda aumenta, a porcentaxe de persoas que realiza dúas viaxes ou menos diminúe e ao mesmo tempo aumenta a porcentaxe daquelas que realizan máis de 5 viaxes. Nos niveis de renda tipo 1 e 2 a porcentaxe dentro de viaxes diminúe segundo o fai o nivel de número de viaxes realizadas en 2022; pola contra, nos niveis de renda tipo 3, tipo 4 e tipo 5 a mesma porcentaxe aumenta segundo aumenta o nivel de número de viaxes realizadas en 2022.

Polo tanto, acontece o mesmo que no caso anterior e parece haber unha relación directa entre o número de viaxes e o nivel de renda.

Seguidamente por medio da proba khi cadrado ( $\chi^2$ ) comprobarase se as variables nivel de renda e número de viaxes realizadas no ano 2022 polas persoas enquisadas están a seguir ou non unha relación de independencia:

$H_0$ : as variables Número de viaxes realizadas en 2022 codificada e Renda codificada son independentes

$H_1$ : Número de viaxes realizadas en 2022 codificada e Renda codificada non son independentes

**Táboa 9: Probas de khi cadrado - Nivel de renda codificado \* N.º de viaxes 2022 codificada**

Probas de khi-cadrado			
	Valor	df	Significación asintótica (bilateral)
Khi cadrado de Pearson	19,271 <sup>a</sup>	8	,013
Razón de verosimilitude	19,305	8	,013
a. 5 casas (33,3%) esperaron un recuento menor que 5. O recuento mínimo esperado é 0,83.			

Fonte: elaboración propia a partir dos resultados da fonte primaria enquisa realizada

Rexéitase a hipótese de independencia ( $H_0$ ), xa que a significación ou p-valor é igual a 0,013 e, polo tanto, menor que 0,05, demostrando que si **existe relación entre ambas as variables**.

O dito resultado complétase por medio das medidas direccionais e simétricas da táboa 10, na que é observable que:

Lambda, ao empregar o número de viaxes como variable explicada, sinala que no caso de predicir o seu nivel coñecendo o intervalo de renda, prodúcese unha ganancia en precisión dun 2,6 % que en caso de realizar a mesma predición sen coñecer o nivel de renda.



As medidas direccionais (d de Sommers e Gamma), específicas para táboas cuxas variables son ordinais, como é o caso desta, presentan signos positivos, o que axuda a corroborar o xa mencionado anteriormente: as variables móvense na mesma dirección, polo que a medida que a renda aumenta, tamén o fai o número de viaxes realizadas no ano 2022.

**Táboa 10: Medidas direccionais e simétricas - Nivel de renda cod \* N.º de viaxes 2022 cod**

Medidas direccionais						
			Valor	Erro estándar asintótico <sup>a</sup>	T aproximada <sup>b</sup>	Significación aproximada
Nominal por nominal	Lambda	Simétrico	,038	,051	,719	,472
		Renda codificada dependente	,044	,069	,626	,531
		Viaxes 2022 cod dependente	,026	,073	,354	,724
Ordinal por ordinal	d de Somers	Simétrico	,026	,012		,011 <sup>c</sup>
		Renda codificada dependente	,060	,027		,003 <sup>c</sup>
		Viaxes 2022 cod dependente	,222	,061	3,609	,000
a. Non se presupón a hipótese nula.						
b. Utilización do erro estándar asintótico que presupón a hipótese nula.						
c. Basease na aproximación de khi-cadrado						
Medidas simétricas						
		Valor	Erro estándar asintótico <sup>a</sup>	T aproximada <sup>b</sup>	Significación aproximada	
Nominal por nominal	Phi	,316			,013	
	V de Cramer	,223			,013	
Ordinal por ordinal	Gamma	,341	,089	3,609	,000	
a. Non se presupón a hipótese nula.						
b. Utilización do error estándar asintótico que presupón a hipótese nula.						

Fonte: elaboración propia a partir dos resultados da fonte primaria enquisa realizada

A primeira metade deste apartado fai referencia ao período de tempo 2017-2019, é dicir, os tres anos previos á pandemia da covid-19, mentres que a segunda se fixo en función dos resultados para o ano 2022 unicamente, de tal modo que para poder comparar ambos os casos é preciso facer a media correspondente.

Hai que aclarar que empregar a media dos tres anos previos á pandemia, en lugar de unicamente ter escollido 2019 no momento de realizar a enquisa achega valor aos resultados e sería de interese que no futuro se repetise o estudo no futuro para poder comparalos coa media de 2022 a 2024.

A media anual obtívose tras calcular a media do número de viaxes efectuadas polas persoas clasificadas segundo os seus niveis de renda, empregando para o seu cálculo o punto medio de cada un dos intervalos (por exemplo, 1 ou 2 = 1,5), salvo no caso de “Ningunha” que xa equivalía a cero (0) e no de “máis de 10 viaxes”, no que se empregou 11 en ambos os medios co que non haberá discrepancias ao respecto e dividindo entre o número de anos (entre 3 no caso de 2017-2019 e 1 no caso de 2022).

**Táboa 11: Nº medio de viaxes segundo o nivel de renda**

Nivel de renda	Media anual de viaxes entre 2017-2019	Media de viaxes no ano 2022	Diferenza
“1”	1,160818713	2,096491228	+81%
“2”	1,310344828	2,017241379	+54%
“3”	1,581081081	3,527027027	+123%
“4”	2,166666667	3,970588235	+83%
“5”	2,857142857	5,285714286	+85%
Media xeral	1,525043178	2,792746114	+83%

Fonte: elaboración propia a partir dos resultados da fonte primaria enquisa realizada

A táboa 11 representa a media anual de viaxes entre 2017 e 2019 e no 2022 para cada un dos niveis de renda e a diferenza que existe entre eles. As conclusións obtidas grazas aos resultados coinciden para todos os niveis de renda, o número de viaxes que realizaron as persoas enquisadas por termo medio nun ano aumentou no 2022 con respecto aos datos do período anterior á pandemia (2017-2019).

Esta situación repetiuse en todos os niveis de renda en maior ou menor medida: tres dos cinco niveis (1, 4 e 5) aumentaron de xeito similar a como o fixo a media xeral, ao redor dun 80 %; mentres que houbo dúas modalidades que medraron de xeito distinto: o tipo 2, menos da media (+54 %) e o tipo 3, por enriba da media (+123 %).

Unha posible explicación do crecemento do número de viaxes do ano 2022 con respecto ao período 2017-2019 é que durante o período de pandemia e restricións de case dous anos as familias tiveron a oportunidade de aforrar, xa que os gastos relacionados co ocio e a socialización se viron reducidos de xeito radical polas restricións establecidas polo goberno para reducir a transmisión da enfermidade e, polo tanto, no ano 2022 contaban cun maior orzamento.

Outra posible razón pode ser que a poboación tras a inxente cantidade de restricións e medidas estaba desexosa de poder viaxar con normalidade. Ademais, é preciso aclarar que non se está a contemplar a diferenza entre número de pernoitas ou tipo de destino, senón que nesta ocasión se analiza unicamente o número de viaxes

realizadas, independentemente da súa duración ou distancia do destino con respecto ao fogar, polo que puideron ser viaxes máis curtas ou máis preto.

#### 4.3.3. Estudo da relación entre a situación laboral e o número de viaxes realizadas

Tras estudar a relación existente entre o nivel de renda e o número de viaxes que as persoas enquisadas realizaron, faise un procedemento similar coa situación profesional destas. O escenario laboral de cada unha das persoas que contestaron o cuestionario proporciona nova información relacionada coa estabilidade da súa situación a medio/longo prazo, a dispoñibilidade de tempo, a dependencia dos salarios doutras persoas ou familiares etc.

Neste caso utilizáronse os mesmos tramos codificados correspondentes á variable número de viaxes realizadas e agrupáronse en novos tramos as situacións profesionais actuais coa finalidade de evitar o exceso de frecuencias esperadas pequenas:

- Estudando
- Outro: engloba traballo no fogar, incapacitado e outros
- Parado/a
- Traballando a tempo parcial
- Traballando a tempo completo
- Xubilado/a

**Táboa 12: Táboa de continxencia - Situación profesional codificada \* N.º de viaxes 2022 codificada**

Situación profesional cod*N.º de viaxes 2022 codificada						
			Nº viaxes 2022 cod			Total
			≤ 2	3 a 5	> 5	
Situación	Estudando	Reconto	24	16	5	45
		Reconto esperado	27,3	12,4	5,4	45,0
		% dentro de situación profesional cod	53,3%	35,6%	11,1%	100,0%
		% dentro de viaxes 2022 cod	20,5%	30,2%	21,7%	23,3%
	Outro	Reconto	5	2	3	10
		Reconto esperado	6,1	2,7	1,2	10,0
		% dentro de situación profesional cod	50,0%	20,0%	30,0%	100,0%
		% dentro de viaxes 2022 cod	4,3%	3,8%	13,0%	5,2%
	Parado/a	Reconto	11	0	1	12
		Reconto esperado	7,3	3,3	1,4	12,0
		% dentro de situación profesional cod	91,7%	0,0%	8,3%	100,0%
		% dentro de viaxes 2022 cod	9,4%	0,0%	4,3%	6,2%

Patricia Meléndez Luces

profesional	Traballando a tempo completo	Reconto	57	26	10	93
		Reconto esperado	56,4	25,5	11,1	93,0
		% dentro de situación profesional cod	61,3%	28,0%	10,8%	100,0%
		% dentro de viaxes 2022 cod	48,7%	49,1%	43,5%	48,2%
	Traballando a tempo parcial	Reconto	16	7	4	27
		Reconto esperado	16,4	7,4	3,2	27,0
		% dentro de situación profesional cod	59,3%	25,9%	14,8%	100,0%
		% dentro de viaxes 2022 cod	13,7%	13,2%	17,4%	14,0%
	Xubilado/a	Reconto	4	2	0	6
		Reconto esperado	3,6	1,6	,7	6,0
		% dentro de situación profesional cod	66,7%	33,3%	0,0%	100,0%
		% dentro de viaxes 2022 cod	3,4%	3,8%	0,0%	3,1%
Total	Reconto	117	53	23	193	
	Reconto esperado	117,0	53,0	23,0	193,0	
	% dentro de situación profesional cod	60,6%	27,5%	11,9%	100,0%	
	% dentro de viaxes 2022 cod	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	

Fonte: elaboración propia a partir dos resultados da fonte primaria enquisa realizada

En función da modalidade situación profesional na que se atopan as persoas enquisadas posuirán maior dispoñibilidade de tempo para viaxar como, por exemplo, as persoas xubiladas ou as paradas, ou maiores facilidades económicas que outros grupos, caso das persoas cun traballo a tempo completo terán, non sempre coincidindo ambas as características de predisposición.

Isto pode verse claramente no caso das persoas “paradas”, xa que pese a contar cunha maior cantidade de tempo libre, é dicir non dedicado directamente a estudar ou traballar como acontece noutros grupos obxecto de estudo, o 91,7 % atópase no nivel correspondente a menor número de viaxes (ningunha, unha ou dúas) no pasado ano 2022, probablemente debido á súa inestabilidade económica.

No caso das persoas “xubiladas” acontece algo parecido, xa que unha ampla maioría (66,6 %) realizou dúas viaxes ou menos no mesmo período. Como existen programas que fomentan as viaxes que favorecen as viaxes para persoas maiores de 65, tanto por parte da Administración pública como é o caso do IMSERSO e tamén por parte de empresas privadas con grandes descontos, a razón económica pode que tivese menor peso que o medo relacionado coa súa saúde logo da pandemia da covid-19.

Pola contra, ás persoas que están traballando asociáselles cunha maior capacidade económica para poder viaxar, pero non sempre é así, xa que a dispoñibilidade de tempo é un requisito fundamental:

A modalidade que traballa a tempo completo viaxou un 61,3 % dos casos menos de tres veces, un 28 % dos casos entre tres e cinco veces e un 10,8 % máis de cinco veces. A modalidade que traballa a tempo parcial recoñeceu realizar entre cero e dúas viaxes no 59,3 % dos casos, de tres a cinco veces no 25,9 % dos casos e máis de cinco veces no 14,8 %. A comparativa entre as dúas modalidades permite ver que aquelas que teñen unha xornada laboral máis longa viaxan menos que as que posúen unha xornada máis curta.

Pese aos resultados anteriormente comentados é necesario, comprobar mediante a proba khi cadrado ( $\chi^2$ ) se as variables Situación profesional e Número de viaxes realizadas no ano 2022 polas persoas enquisadas están a seguir ou non unha relación de independencia:

$H_0$ : as variables Número de viaxes realizadas en 2022 codificada e Situación laboral codificada son independentes

$H_1$ : Número de viaxes realizadas en 2022 e Renda codificada non son independentes

**Táboa 13: Probas de khi cadrado - Situación profesional codificada \* N.º de viaxes 2022 codificada**

Probas de khi-cadrado			
	Valor	df	Significación asintótica (bilateral)
Khi cadrado de Pearson	11,127 <sup>a</sup>	10	,348
Razón de verosimilitude	14,013	10	,172
a. 8 casas (44,4%) esperaron un recuento menor que 5. O recuento mínimo esperado é ,72.			

Fonte: elaboración propia a partir dos resultados da fonte primaria enquisa realizada

Neste caso non pode rexeitarse a hipótese de independencia ( $H_0$ ), xa que a significación ou p-valor é igual a 0,348 e, polo tanto, maior que 0,05, polo que parece que as variables non están relacionadas.

Este resultado podería, no entanto, estar distorsionado tanto pola presenza dun elevado número de frecuencias esperadas pequenas (44,4 %, incluso algunhas menores que 1), como debido á existencia de totais marxinais desequilibrados. Podería resultar interesante nun futuro repetir a análise en cuestión cun tamaño da mostra máis amplo.

## 5. Conclusións

O presente traballo de fin de grao baseouse na recompilación de respostas dunha enquisa de elaboración propia e a súa consecuenta análise estatística, ademais dunha investigación previa para establecer o marco teórico de partida. Esta enquisa proporciona datos relevantes para cumprir co obxectivo principal do traballo: **determinar como inflúe o nivel de renda nas viaxes turísticas** e, con iso, dar resposta ao seguinte interrogante: gozan de boa calidade de vida turística todas as clases sociais?

O turismo é unha actividade que fomenta o descubrimento persoal e, polo tanto, considérase un compoñente da calidade de vida das persoas. Porén, non todas teñen as mesmas oportunidades para poder realizar viaxes turísticas. Coa finalidade de poder comparar o caso de dúas clases sociais, escolléronse como poboación de estudo dous barrios da Coruña: o CP 15001, que engloba a zona da Cidade Vella-O Parrote e o CP 15010, que abarca A Agra do Orzán-O Ventorrillo. Foron seleccionados por ter posicións opostas na clasificación de nivel de renda municipal, dos cales o primeiro deles é o barrio máis rico e o segundo o último na lista e, polo tanto, o máis pobre.

A partir dunha mostra composta por 193 persoas, obsérvase que a maioría das persoas enquisadas é residente no 15010, que o xénero predominante é o feminino, que a maioría das persoas enquisadas son menores de 35 anos e que teñen maioritariamente nacionalidade española. Comparativamente, destacan as persoas enquisadas do CP 15001 por presentaren un nivel de estudos máis alto, xa que todas remataron a ESO e a maioría ten estudos universitarios; tamén posúen unha mellor situación laboral, pois carecen de persoas en situación de desemprego.

Canto ao nivel de ingresos por fogar, os datos reforzan o criterio polo cal se definiron os grupos: as persoas enquisadas da Agra do Orzán-O Ventorrillo teñen un nivel de ingresos considerablemente inferior (son maioría as de entre 1.500 e 2.499 euros mensuais por fogar), mentres que na Cidade Vella-O Parrote, a maioría están entre 3.500 e 4.999 euros. Ademais, o primeiro barrio ten fogares máis grandes, onde o máis común é a convivencia con outras 3 persoas, mentres que no segundo barrio, a maioría dos fogares están compostos unicamente por dúas persoas en total.

As características demográficas, laborais e socioeconómicas anteriores empréganse como base inicial para desenvolver un estudo comparativo nos padróns de

comportamento con respecto das viaxes de cada un dos grupos ou barrios: decisións previas á viaxe, propensión a viaxar, transporte, aloxamento e orzamento entre os dous barrios.

